

Infantil

1

Áreas



EDUCACIÓN
ARTÍSTICA



COÑECEMENTO
DO MEDIO NATURAL
E SOCIAL



VALORES
SOCIAIS
E CÍVICOS

Imos dar unha nova vida aos envases

Obxectivos, oportunidades, ideas e conceptos

- 1.** Sensibilizar aos nenos cara ao coidado do medio ambiente cos seus sinxelos hábitos cotiáns, como a atención ao consumo de luz e auga ou a separación para reciclar.
- 2.** Integrar o medio ambiente en cancións, poemas ou problemas de matemáticas, tratando a cuestión dos residuos ao falar de como funciona a cidade.
- 3.** Apreciar o residuo de envase como algo que poden transformar en obxectos útiles e artísticos e saber que, ao final, converteranse en novos materiais se son depositados no colector adecuado.



Infantil

1

Actividade 1

Construír con envases

Imos dar unha nova vida aos envases


● Esta actividade é para...

Manipular envases con seguridade, descubrir os seus volumes, tamaños, pesos, materiais. Familiarizarse co que é un envase.

● Que necesitamos?

Envases de todo tipo que poidan manipular os nenos.

Cinta adhesiva, clips, gomas elásticas para suxeitalos.



● Que imos facer?

Comprobar o ben que se pode construír con envases. Por mesas, xogaremos con eles construíndo torres, buscando o equilibrio para que sexan o máis altas posibles e, ademais, que sexan realmente chulas.

Seguimos?

Poderíamos construír unha gran escultura de envases entre todas as clases, entre varias clases, entre varios cursos... e expola no vestíbulo.

Imos dar unha nova vida aos envases

● Esta actividade é para...

Dar forma real á construción colaborativa. Aprender máis sobre as nosas cidades. E dar renda solta á creatividade a partir dunha práctica de reciclaxe, vendo que algo que parecía non servir, agora ten nova vida.

● Que necesitamos?

Unha base para a maqueta de cidade, xa sexa unha mesa, varias ou un taboleiro. Tiras de cartolina ou cinta adhesiva gris para as rúas. Envases de todo tipo e tamaño (plástico, latas, bricks, caixas e rolos de cartón, evitando os envases de vidro) e papeis de cores, pinturas, adhesivos para decoralos.

● Que imos facer?

Unha maqueta dunha cidade, cos seus edificios, casas, parques... a partir de envases. Cada un elixirá que quere facer, desde a escola ao parque de bombeiros, tendas ou vivendas. Non esquezamos situar colectores de cores!



Seguimos?

Cunha recollida de lixo para obter envases aceptables para a actividade. Poden ser do patio, despois dun recreo ou unha festa, ou dun parque próximo. Haberá que seleccionalos despois de recollelos con luvas, por seguridade.

Desta forma, podemos explicar aos alumnos que é o littering ou abandono de residuos e a importancia de manter os espazos naturais e urbanos limpos.